



CONCELLO DE NEDA

Regulamento I Carreira Solidaria Concello de Neda

Artigo 1. DATA E HORA DA PROBA

O Concello de Neda organiza a I Carreira Solidaria Concello de Neda.

A proba celebrarase o día 2 de xullo de 2016 comezando a quenda de carreiras a partir das 11:00 horas. A saída e meta estará situada no Pavillón Municipal de Deportes de Neda.

Contaremos con espazos para estacionamento debidamente sinalizados nas proximidades.

Artigo 2. PARTICIPANTES

A proba estará aberta a todas as persoas, con licencia federativa ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade.

As categorías serán desde biberóns ata veteranos/as.

Cada persoa participa baixo a súa responsabilidade e dispón dunha condición física suficiente para afrontar a proba.

Simultaneamente realizarase unha andaina, aberta a calquera persoa.

Artigo 3. PERCORRIDO, DISTANCIAS E HORARIOS

O circuito sobre asfalto estará pechado a todos os vehículos, salvo os autorizados pola organización.

O percorrido estará controlado e vixiado pola Policía Local, Protección Civil e coa colaboración da organización.

Calquera outro tipo de acompañamento está prohibido. Cada quilómetro estará sinalizado de xeito visible.

Horarios e distancias:

11:00 h. Infantís, nados nos anos 2004/2003 e Cadetes nados nos anos 2002/2001 : 2.000 m.

11:20 h. Alevíns, nados nos anos 2006/2005: 1.000 m.

11:30 h. Benxamíns, nados no ano 2008/2007: 800 m.

11:45 h. Prebenxamíns, nados no ano 2010/2009: 100 m.


12:00 h. Biberóns, nados no ano 2011: 80 m.

12:10 h. Xuvenil e Afeccionado (nados no 1998 e anteriores): 5.000m

12:10 h Desde categoría Junior ata veteranás: 10.000 m.

12:10 h. Andaina 5.000 m. (Saída inmediatamente despois da saída da carreira absoluta).

Percorrido da carreira e andaina



Saída e chegada / Duchas e vestiarios: Pavillón Polideportivo de Neda.



Artigo 4. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Unha inscrición é válida cando a persoa participante enche o boletín de inscrición por medio da web <http://www.carreirasgalegas.com> e aboa o custo da inscrición.

As inscricións por medio da web pecharanse o mércores 29 de xuño.

Poderán realizarse inscricións presenciais o luns día 27 de xuño na Casa da Cultura de Neda, en horario de 11:00 h. a 13:30 h. e de 17:00 h. a 20:00 h.

O mesmo día da carreira non poderán realizarse inscricións.

Todas as persoas participantes se comprometen a:

- * Aceptar estritamente todos os artigos do presente regulamento.
- * Aceptar as posibles modificacións da proba e aquelas que a organización veña obrigada a efectuar por causas alleas á súa vontade.
- * A inscrición da carreira é persoal e intransferible. Non se admitirán devolucións, baixo ningunha causa, do importe da inscrición.
- * A realización da inscrición implica ler, entendido e adquirido o compromiso que a continuación se expón: Certifico que teño un bo estado físico. Exclúo á organización, patrocinadores, directivos, empregados e demais organizadores, de toda responsabilidade que poidera derivarse da miña participación no evento, tal como perda do obxectos persoais por roubo ou outra circunstancia e o perigo de lesión.
- * A organización reserva o dereito de rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións do evento que quedan expostos no presente regulamento. No caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non recollida no mesmo, estarase ao que dispoña a organización.

RETIRADAS E DESCUALIFICACIÓNS:

O servizo médico da competición está facultado para retirar da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.

A proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da F.G.A. que estarán autorizados a descualificar:

- * A calquera atleta que non realice o percorrido completo.
- * A calquera atleta que non teña o dorsal ou non o leve visible por diante, dobre ou manipule a publicidade ou o fotocopia.
- * A calquera atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas inxustificadas ante a organización, á marxe do estipulado no apartado de reclamacións.

Artigo 5. CATEGORÍAS

BIBERÓNS: Nados/as no ano 2011.

PREBENXAMÍNS: Nados/as nos anos 2009/2010.

BENXAMÍNS: Nados/as nos anos 2007/2008.

ALEVÍNS: Nados/as nos anos 2005/2006.

INFANTÍNS: Nados/as nos anos 2003/2004.

CADETES: Nados/as nos anos 2001/2002.

XUVENÍNS: Nados/as nos anos 1999/2000.

XUNIORS: Nados/as nos anos 1997/1998.

PROMESAS: Nados/as nos anos 1994/1995/1996.

SENIOR: De 1993 a 34 anos.

VETERANO/A A: De 35 a 44 anos.

VETERANO/A B: De 45 a 54 anos.

VETERANO/A C: De 55 a 64 anos.

VETERANO/A D: Máis de 65 anos.

A partir de veteranos/as conta a idade do día da carreira.

A organización poderá solicitar documentación na que conste a data de nacemento das persoas participantes. O feito de que non se achegue, no caso de ser requerida, poderá ser motivo de descalificación.

Artigo 6. CUSTO DA INSCRICIÓN

A carreira absoluta (desde xuveniles, ata veteranos e afeccionados) terá un custo de **4 €**.

As carreiras de menores (biberón, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete) **serán gratuítas. Dado o carácter solidario da proba, prégase a doazón de alimentos non perecedoiros no intre da retirada do dorsal.**

A andaina terá un custo de 2€. Para menores de 12 anos será gratuíta.

TODOS OS BENEFICIOS DA CARREIRA ASÍ COMO OS ALIMENTOS DOADOS REVERTIRÁN NO CONCELLO DE NEDA PARA AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL.

Artigo 7. RETIRADA DE DORSAIS

As persoas participantes poderán retirar os dorsais o venres 1 de xullo ou o sábado 2 de xullo:

Venres 1: Na Casa da Cultura de Neda, en horario de 11:00 h. a 13:30 h. e de 17:00 h. a 20:00 h.

Sábado 2: No lugar da saída, no Pavillón Municipal de Deportes de Neda, desde as 10 h. da mañá ata 30 minutos antes do comezo de cada proba.

Artigo 8. TROFEOS E PREMIOS

Todas as persoas participantes nas categorías de biberóns e prebenxamíns recibirán medalla ao remate da proba.

As tres primeiras persoas clasificadas das categorías benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, promesa, senior e veteráns tanto masculina como feminina, recibirán medalla.

Recibirán trofeo as tres primeiras persoas da clasificación absoluta dos 5.000m afeccionados. Tamén recibirán trofeo as tres primeiras persoas da clasificación absoluta dos 10.000 tanto homes e mulleres.

Será requisito imprescindible a presentación dun documento que acredite a identidade para recoller os premios. Os premios terán o tratamento fiscal conforme á lei.

Artigo 9. APELACIONES

As reclamacións relativas á clasificación deberán efectuarse verbalmente dentro dos 30 minutos posteriores a facerse públicos os resultados, ante o Xuíz/a Árbitro ou na secretaría da competición, sendo esta persoa a responsable da resolvelas.

Todo o non previsto neste regulamento resolverase conforme ás normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F. por esta orde.

Artigo 10. AVITUALLAMIENTOS

Na zona de meta estableceráse o avituallamiento final para todas as carreiras e un avituallamiento intermedio para a carreira de 10.000 m.

Artigo 11. SEGUROS

Todas as persoas participantes estarán cubertas por unha póliza de responsabilidade civil e outra de accidentes, proporcionada pola licenza do día da carreira da Federación Galega de Atletismo (F.G.A.)

A organización declina toda responsabilidade sobre os danos físicos ou morais que durante a participación nesta proba poida causar un atleta a sí mesmo ou a terceiros.

Artigo 12.

Todas as persoas participantes, polo feito de formalizar a inscrición, consintan en que a organización por sí mesma ou por medio de terceiras entidades, trate informaticamente a con finalidade exclusivamente deportiva ou promocional, os seus datos de carácter persoal, así como a súa imaxe dentro da proba por medio de fotografías, vídeo, etc.

Conforme co que establece a Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o participante poderá exercer o seu dereito de acceso a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de xeito parcial ou total o seu contido. Para exercitar este dereito deberá solicitado por correo electrónico a cultura@neda.es.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e por medio da súa inscrición a persoa participante consente expresamente en que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, por medio de escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo, Avda. de Glasgow 13, 15008 A Coruña.